

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE AXENCIAS DE VIAXES DE GALICIA (AGAVI) PARA A POSTA EN VALOR DA ACTIVIDADE DAS AXENCIAS DE VIAXE

REUNIDOS

Por unha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra, D. Juan Antonio Rivadulla Fernández, actuando en nome e representación da **Asociación de Axencias de Viaxes de Galicia (AGAVI)**, NIF G70063029, en calidade de presidente.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- Que AGAVI é unha asociación sen ánimo de lucro, cuxa finalidade principal é representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus asociados, atendendo ás súas necesidades de información, formación e asesoramento, e que nace cunha especial vocación de defensa dos intereses específicos das empresas nela encadradas, con independencia da súa denominación. A súas actividades desenvolveranse no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro.- Que a crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. Así mesmo debe considerarse o impacto que tivo – e segue tendo- o estalido da pandemia de coronavirus no sector turístico en xeral e na intermediación turística en particular. Se ben aínda que se están a recuperar os desprazamentos grazas á mellora da situación sanitaria, segue a existir certo sentimento de incerteza e de inseguridade entre os viaxeiros.

Cuarto.- A irrupción das novas tecnoloxías supuxo unha notable transformación nos sistemas de intermediación tradicionais, permitindo aos usuarios adquirir produtos e servizos turísticos directamente aos provedores, sen necesidade de acudir ás axencias de viaxe para a organización dos seus desprazamentos.

Deste xeito, considérase necesaria a posta en marcha de actividades que logren poñer en valor a labor das axencias de viaxe e destacar as vantaxes que presenta a compra neste tipo de establecementos, como son: o asesoramento profesional e especializado, o coñecemento dos destinos, a capacidade de reacción e maior seguridade ante imprevistos, a capacidade de organizar todo tipo de desprazamentos (dende circuítos en grupo ata viaxes á medida), o establecemento de canles de comunicación directas, próximas e sinxelas co cliente, etc.

Neste sentido, co presente convenio preténdese poñer en marcha tanto unha campaña de marketing dixital como en medios xeneralistas, o que permitirá chegar tanto a usuarios novos, acostumados ao uso de internet e das redes sociais para ás súas transaccións, como a un público de maior idade, que acude ás axencias de viaxe e con capacidade económica.



Quinto.- As actividades a realizar por parte das entidades participantes son as que se detallan a continuación :

Eixo 1: Campaña de marketing dixital. Proponse a posta en marcha dunha campaña de marketing dixital co obxectivo de mellorar a imaxe das axencias de viaxe nas redes e de chegar a un público mais amplo.

Considerando que os viaxeiros mais novos presentan maiores facilidades para organizar as súas viaxes de xeito on line e a importancia de internet nos procesos de compra actuais, coa posta en marcha do Eixo 1 dixital preténdese mellorar a percepción social que estes usuarios teñen sobre as axencias de viaxe así como potenciar e facilitar a compra de experiencias turísticas a través destes establecementos. Para iso desenvolveranse dous tipos de actividades: creación de landing page e posicionamento web, e campaña en redes sociais.

Eixo 2: Campaña en medios xeneralistas. recóllense actuacións promocionais en medios xeneralistas, tales como a radio, a prensa escrita ou revistas especializadas no sector turístico.

O propósito destas actividades é chegar a un turista de mediana idade e senior, posiblemente usuario de axencias de viaxe, tanto online como físicas. Con estas actuacións preténdese tanto poñer en valor a labor das axencias de viaxe como incrementar a sensación de seguridade, incentivando a compra de servizos turísticos. En concreto, inclúense actividades como a publicidade en prensa xeneralista e aparicións en medios de comunicación especializados en turismo.

Eixo 3: Campaña específica na Televisión de Galicia. Destinarase unha partida específica do convenio a unha campaña de publicidade na televisión autonómica galega, que consistirá na inclusión dun spot publicitario que poña en valor a labor das axencias de viaxe, que amose as experiencias que estas comercializan e que incentive ao espectador a viaxar, acompañando sempre das empresas de intermediación turística galegas.



Eixo 4: Organización dun sorteo que sirva como incentivo para o consumo en axencias de viaxe. Este eixo ten como obxectivo incentivar a compra de produtos e servizos turísticos a través de axencias de viaxe galegas. Para iso, propónse a creación dun sorteo de unha ou varias experiencias turísticas en Galicia (como poden ser paquetes turísticos que inclúan paquetes gastronómicos ou aloxamentos en establecementos singulares) a aqueles usuarios que acudan a axencias de viaxe para a organización das súas vacacións.

Neste apartado inclúese a redacción das bases do sorteo, a organización dos paquetes e a promoción e difusión da campaña a poboación xeral e as axencias de viaxe.

Eixo 5. Xestión, dirección e coordinación do presente convenio, que inclúe as actividades de desenvolvemento do mesmo, así como a xustificación técnica e económica do mesmo.

Sexto.- O obxectivo é crear unha campaña de promoción dirixida á poboación galega para retomar a súa actividade turística acompañados dunha axencia de viaxes: a posta en valor da capacidade de reacción ante imprevistos, as garantías e o asesoramento profesional destes establecementos pode aumentar o sentimento de seguridade. Neste sentido, o presente convenio recolle tamén a posta en marcha dunha campaña que incentive a compra a través de axencias de viaxe.

Por este motivo resulta de interese público para o turismo de Galicia a participación e apoio nas accións obxecto do presente convenio, como medidas encamiñadas á reactivación do sector turístico fronte aos efectos derivados da crise sanitaria provocada pola COVID-19. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a citada Asociación a única entidade que poden desenvolver o seu obxecto de xeito completo, xa que é a entidade máis representativa no ámbito da Comunidade autónoma que aglutina ás axencias de viaxe comerciantes polo miúdo.



En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e AGAVI para sufragar os gastos derivados da posta en marcha dunha campaña promocional que mellore a percepción social da actividade das axencias de viaxe galegas e que logre incentivar o consumo neste tipo de establecementos.

As actividades a realizar por parte das entidades participantes:

1. Campaña de marketing dixital
2. Campaña en medios xeneralistas
3. Campaña específica na Televisión de Galicia
4. Organización dun sorteo que sirva como incentivo para o consumo en axencias de viaxe
5. Oficina técnica

Segunda.- Orzamento e financiamento

1.- O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a 150.000€ (IVE incluído) que se distribúen tal como se recolle no anexo I, que forma parte do presente convenio.

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de 150.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.781.0, proxecto 2015 0005 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2022, sen que por AGAVI se obteña lucro ou beneficio coa dita achega.

2.-Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse **gastos subvencionables** aqueles que de xeito



indubidable responden á natureza da actividade subvencionada e que se realicen **a partir do 1 de xaneiro de 2022**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En todo caso, os gastos de persoal aos que se refire o orzamento estimado serán exclusivamente os do persoal propio, ou contratado ao efecto, dedicado especificamente á execución da actividade subvencionada, sen que en ningún caso se financie o gasto do persoal destinado ao funcionamento ordinario da Asociación.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Terceira.- Compromisos das partes

1. AGAVI comprométese a realizar o obxecto do convenio establecido na cláusula primeira, e asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca do Xacobeo 21.22, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo DECRETO 104/2021, do 24 de xuño, polo que se aproba a actualización do Manual de identidade gráfica Xacobeo 2021-22 (DOG núm. 132, do 13 de xullo de 2021).
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.



- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- A comprobar que as empresas beneficiarias cumpren os requisitos de mínimos nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE L 352/1 do 24.12.2013).
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.”

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.

Cuarta.- Compatibilidade.

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a



mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia. AGAVI será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

Sexta.- Xustificación e pagamento

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve e conterà con carácter xeral coa seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:
 - a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.



- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.
- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
- d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.
- g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.
- h) Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e do Xacobeo 21.22.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).



2. A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.

A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

3. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflecta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. A entidade beneficiaria quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.



O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio. A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

4. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5. A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

6. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **30 de novembro de 2022**.

Sétima.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados, ao abeiro do disposto no artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, de ata o 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pagamento, AGAVI deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, conforme establece o artigo 62 do citado Regulamento.



Os pagos anticipados e a conta deberán estar garantidos de conformidade co establecido no artigo 67 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia. A garantía deberá cubrir o 110% do importe das contías pagadas a conta ou das cantidades anticipadas.

Non obstante, segundo o disposto no artigo 65.4 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, AGAVI queda exonerada da constitución de garantía nos pagamentos anticipados e a conta, cando a contía acumulada relativa aos mesmos non supere os 18.000€.

Oitava.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, AGAVI deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Novena.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución, así como para propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do mesmo, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por dous representantes designados por cada unha das partes asinantes.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Décima.- Modificacións do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Undécima.- Causas de resolución

-Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.



- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo segunda.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo terceira.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.



Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo cuarta.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo.

Décimo quinta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.



Décimo sexta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o **31 de decembro de 2022**.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes asinan o presente convenio na data da súa sinatura dixital

Pola Axencia Turismo de Galicia

O presidente

Por AGAVI

O presidente



Alfonso Rueda Valenzuela

Juan Antonio Rivadulla Fernández



ANEXO I

EIXO	ACCIÓN	IMPORTE
Eixo 1	Campaña de marketing dixital	50.000 €
	Posicionamento web	15.000 €
	Campaña en RRSS	35.000 €
Eixo 2	Campaña en medios xeralistas	40.000 €
	Publicidade en prensa xeneralista	20.000 €
	Aparicións en medios especializados	20.000 €
Eixo 3	Campaña específica na televisión de Galicia	30.000 €
Eixo 4	Organización dun sorteo que sirva como incentivo para o consumo en axencias de viaxes.	15.000 €
Eixo 5	Oficina técnica	15.000 €
TOTAL		150.000 €

